

Produtos, áreas de interese e aplicacións da Teledetección

Produtos HRPT-NOAA

O Servizo de Teledetección do CACTI dispón actualmente dos seguintes produtos AVHRR-NOAA:

- Datos HRPT en bruto
- Exportación dos datos HRPT a outros programas (ERDAS, PCI, ENVI, etc)
- Exportación dos datos numéricos correspondentes dun produto AVHRR (a unha folla de cálculo, por exemplo)
- Xeración de imaxes mediante a introdución de fórmulas definidas ou modificadas polo investigador/a utilizando calquera combinación de canles NOAA

Áreas de interese da Teledetección

- Agronomía
- Bioloxía
- Cartografía
- Ciencias Forestais
- Edafoloxía
- Xeoloxía
- Xeografía
- Oceanografía
- Meteoroloxía
- Medio Natural

Produtos, áreas de interese e aplicacións da Teledetección

Aplicacións da Teledetección

Algunhas das aplicacións máis destacables da teledetección son, entre outras:

- Estudo da erosión de praias e areas
- Inventario rexional do medio natural para preparar estudos de impactos ambientais
- Cartografía xeolóxica para a explotación mineral e petrolífera
- Cartografía de novos depósitos volcánicos
- Control do movemento de icebergs en zonas polares
- Cálculo de modelos de erosión
- Inventario da auga superficial
- Análise en tempo real de masas nubosas de escala media e pequena
- Medidas de augas superficiais para avaliar a situación do hábitat para aves acuáticas
- Verificación de contidos de salinidade nas principais correntes de auga
- Cartografía térmica da superficie do mar
- Verificación e control da calidade física da auga, turbidez e contido de algas
- Control dos movementos da "Corrente do Golfo" e outras correntes mariñas
- Cartografía da cobertura vexetal do solo
- Avaliación de condicións de presión na vexetación, polos efectos da seca ou da deforestación
- Cartografía de áreas queimadas e seguimento dos ritmos de repoboamento natural
- Realización de inventarios forestais
- Selección de rutas óptimas para novas vías de comunicación
- Cartografía e inventario de cultivos por especies
- Predición do rendemento de cultivos